

A casa museo de Manuel María tivo o ano pasado máis de 3.000 visitas

► Predominaron as escolares, ao achegarse case 2.000 alumnos de 62 centros de toda Galicia

PABLO RODRÍGUEZ

LUGO. A casa museo de Manuel María, creada na vivenda natal do desaparecido escritor chairego para divulgar o seu legado, superou o ano pasado as 3.000 visitas. Predominaron as escolares, ao achegarse case 2.000 estudantes de 62 centros a estas instalacións, situadas en Outeiro de Rei.

O secretario da fundación Manuel María de Estudos Galegos, Alberte Ansede, cre que ese é «un extraordinario punto de partida» para o museo, inaugurado en setembro de 2013, xa que esa cifra de visitantes «está moi por riba das que rexistran centros así». Porén, resalta que se aspira a mellorar eses números no 2015, no que se programarán máis actividades complementarias á propia visita guiada.

Segundo explica Ansede, a metade dos preto de 2.000 escolares que pasaron polo museo no 2014 procedía da provincia de Lugo, arredor dun 25% viña da Coruña e o resto, de Ourense e Pontevedra. No transcurso destas visitas —que foron gratuítas e que houbo que concertar previamente—, os rapaces culminaron traballos feitos previamente nas aulas con material e indicacións facilitadas pola propia fundación.

Ansede destaca que o centro recibiu tamén moitos grupos de adultos. Tratouse, sobre todo, de membros de asociacións veciñais e culturais, clubs de lectura de bibliotecas e colectivos de xubilados. En total, pasaron 713 persoas, na súa maioría de Lugo. Nesta modalidade de visita tamén hai que concertar cita previamente.

Por último, xa nas fins de semana e sen necesidade de cita previa,



Un dos grupos que pasou polo museo, con Alberte Ansede (anicado, á dereita). EP

visitaron o museo, coa compañía dun guía, outras 323 persoas.

ACTIVIDADES. Aínda que neste primeiro ano de vida o obxectivo prioritario foi manter aberto ás visitas este centro, tamén se desenvolveron distintas actividades. Destacaron actos como o Convivio da Cultura Galega, que reuniu en xullo unhas 500 persoas, e un concerto de Uxía, que presentou un traballo dedicado a Manuel María. Ademais, leváronse a distintas institucións e colexiós senllas mostras do escritor e de Rosalía.

Ansede resalta o apoio que recibe o museo da Vicepresidencia Primeira da Deputación de Lugo e dos Amigos e Amigas da Fundación, os seus grandes valedores.

Máis actos, para nenos e adultos

Ansede avanza que a fundación «aspira este ano a ter moita máis actividade na casa museo, tanto para nenos como para adultos». A programación deste trimestre abriuna o sábado Isabel Risco, co espectáculo 'As aventuras de Nabiza Girl'. Seguirálle o próximo día 7 un obradoiro sobre o Entroido para nenos de entre seis e doce anos, que farán os seus disfraces para a festa. Ademais, o 21 de febreiro a casa museo conme-

morará o aniversario de Rosalía coa celebración, dende as 18.00 horas, da final dun concurso de recitado poético dirixido a escolares, entre outros actos. En marzo actuará o día 7 o grupo Os Minhotos e o 14 haberá un obradoiro de monicreques.

Novas publicacións

A fundación seguirá, ademais, publicando obras de Manuel María inéditas ou esgotadas. En 2014 editou a súa correspondencia con Otero Pedrayo, os poemarios 'Advento' e 'Sonetos á Casa de Hortas' e a obra infantil 'O bigote de Mimi'.